

Chega ás miñas mans un volume, *De Pondal ao Batallón literario (120 anos de poesía na Costa da Morte)*, onde se profesan dous amores. Por un lado, á poesía como actividade sublime que nos comunica cos demais e co cosmos que nos rodea; por outro, á terra nativa, a ese espazo onde a alma bebe o zume intemporal para nutrirse e que logo se acaba convertendo en verso. Estas dúas paixóns tamén son profesadas polos autores da antoloxía que hoxe nos convoca: Modesto Fraga e Miro Villar, que coordinaron o tomo que compila e selecciona a obra de vinte e seis autores nados ou estreitamente vinculados a ese ámbito mítico, que é a Costa da Morte. A eles se debe a feliz idea de compendiar as composicións que van desde o excéntrico Pondal (excéntrico de España, pola periferia que exalta e excéntrico de Galiza, pois insere o seu verbo na Fisterra da nosa Terra) até chegar a María Lado. Non cabe dúbida que o fulgor de Pondal, como un astro rei, encegúe e atraí a boa parte dos escritores fisterráns, que orbitan ao seu redor como planetas secundarios. Así

o detectamos en Victoria-no Abente Lago, Evaristo Martelo Paumán, Gonzalo López Abente, Antón Zapata García, e, en menor medida, en Manuel Caamaño Devesa. O segundo astro que observamos é Cabanillas, que deixou forte pegada en Xervasio Paz Lestón. E tamén unha beta popular en Enrique Labarta Pose do que lemos unha sátira antitaurina.

Máis innovadora resulta a poesía de Teodoro Morgade que deseña a paisaxe con pincelada impresionista; Marilar Aleixandre (que fermoso e estremecedor poema “Baixo as uñas” do seu Catálogo de venenos!); o verso bohemio de Miguel Anxo Mato Fondo; o aluvión asombiante do vocabulario naval en Alexandre Nerium; o constante eu que vai á terra en

Paco de Tano; a muller e o mar, obsesivas presenzas en Rivadulla Corcón; o erotismo esgazador en Francisco Souto; a respira-

ción clásica e o compromiso en Miro Villar; paisaxes e desexos en Serxio Iglesias; o versículo narrativo en Rafael Lema; a sensibilidade das pequenas cousas en Xosé Manuel Varela; o tremor marítimo de Rafa Villar; o ánimo de ruptura en Estevo Creus; o verso candente e ben medido de Modesto Fraga; disparos autobiográficos en Xosé Manuel Lema; poesía de delirios abstractos en David Creus; pezas de furor reflexivo en Suso

Bahamonde; a insania doméstica de María Lado. Mundos persoais e colectivos, mares frenéticos e experiencias profundas. Un percurso polo universo que se concentra na Costa da Morte e que se expresa por medio de palabras extremas: soidade e alegría, fervor e blasfemia, átomo e cosmos pola propia pel do poema.

FRAGA,  
Modesto/VILLAR,  
Miro, *De Pondal ao Batallón Literario*,  
Ed. Sotelo Blanco,  
Santiago, 2009,  
PVP:15€

# Con recendo de mitos

## Poetas da Costa da Morte

ROMÁN RAÑA

